

HISTORIA DA FILOSOFÍA

ACLARACIÓNS.- O comentario deberá analizar o fragmento (conceptos fundamentais e argumentación) e relacionalo cun contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía), con corrección expresiva e gramatical.

As cuestións teóricas (1ª e 2ª partes do exame) desenvolverán os contidos pertinentes, con precisión conceptual e rigor expositivo; asemade, con corrección expresiva e gramatical.

As respostas á 3ª parte consistirán, sen máis, no nome do filósofo e o título da obra.

OPCIÓN A

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: **6** pts; **3** para o comentario e **3** para a cuestión)

Realidade e coñecemento en Platón

«SÓCRATES— (...) Así, pois, a alma, sendo inmortal e tendo renacido moitas veces e ao ter contemplado todas as cousas, as de aquí e as do Hades, non hai nada que non teña aprendido. De xeito que non hai que sorprenderse de que ela sexa quen de ter recordos acerca da virtude e das demais cousas que, por certo, coñecera anteriormente. Pois ao estar emparentada toda a natureza e tendo aprendido todo a alma, nada impide que quen, recordando unha soa cousa —iso que os homes chaman aprender—, encontre todas as demais, se é valente e teimudo na busca. Porque o buscar e o aprender non son máis que reminiscencias.»

(PLATÓN, *Menón*)

2. Os límites do coñecemento en Kant. (Cualificación máxima: **3** pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima: **1** pto.; **0,25** pts. para cada unha das 4)

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *superestrutura – traballo alienado*.

b) Nomea dúas obras de Marx.

OPCIÓN B

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: **6** pts; **3** para o comentario e **3** para a cuestión)

Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade

«Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tantos dos seus razoamentos da distinción entre substancia e accidente e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se a idea de substancia debe ser derivada das impresións de sensación ou de reflexión. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cal deles e de que maneira. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de cualidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela.»

(D. HUME, *Tratado da natureza humana*, Libro I)

2. Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas. (Cualificación máxima: **3** pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima: **1** pto.; **0,25** pts. para cada unha das 4)

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *nihilismo – razón vital*.

b) Nomea unha obra de Nietzsche e outra de Ortega y Gasset.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

ACLARACIÓNS.- O comentario deberá analizar o fragmento (conceitos fundamentais e argumentación) e relacionalo cun contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía), con corrección expresiva e gramatical.

As cuestións teóricas (1ª e 2ª partes do exame) desenvolverán os contidos pertinentes, con precisión conceptual e rigor expositivo; así mesmo, con corrección expresiva e gramatical.

As respostas á 3ª parte consistirán, sen máis, no nome do filósofo e o título da obra.

OPCIÓN A

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: **6** pts; **3** para o comentario e **3** para a cuestión)

O liberalismo político de Locke

«Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder lexislativo dela a facer leis para el, tal e como o ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración.»

(J. LOCKE, *Ensaio sobre o goberno civil*, cap. 7, § 89)

2. A orixe do cosmos na corrente presocrática. (Cualificación máxima: **3** pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima: **1** pto.; **0,25** pts. para cada unha das 4)

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *materialismo histórico – relacións sociais de produción*.

b) Nomea dúas obras de Marx.

OPCIÓN B

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: **6** pts; **3** para o comentario e **3** para a cuestión)

Física e metafísica en Aristóteles

«Feitas estas distincións, cómpre examinar as causas, cales e cantas son. (...)

»Nun sentido (1) chámase causa a ese constitutivo inherente do que se fai algo, como tal o bronce da estatua e a prata da copa e os seus xéneros.

»Noutro sentido (2) é a forma e o modelo, é dicir, a definición da esencia e os seus xéneros (así a causa da octava é a relación de dous a un, e en xeral o número), e tamén as partes da definición.

»E tamén (3) é aquilo de onde xorde o principio primeiro do cambio ou do repouso; así, quen toma unha resolución é causa, o pai é causa do fillo, e en xeral o que fai é causa do feito e o que produce un cambio é causa do cambiado.

»E aínda máis (4), é o fin, aquilo para o que é algo, como a saúde con relación ó paseo.»

(ARISTÓTELES, *Física*, Libro II)

2. Nietzsche: crítica da cultura occidental. (Cualificación máxima: **3** pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima: **1** pto.; **0,25** pts. para cada unha das 4)

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *impresión – asociación de ideas*.

b) Nomea dúas obras de Hume.

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DA FILOSOFÍA
(Cód. 34)

OPCIÓN A

- a) O comentario do fragmento do *Menón* platónico deberá amosar unha axeitada comprensión (conceptos fundamentais e estrutura argumentativa), establecendo tamén unha contextualización da súa temática (no pensamento de Platón e na filosofía grega). **Cualificación máxima 3 ptos.**
- b) A resposta á cuestión teórica *Realidade e coñecemento en Platón* será cualificada en función da pertinencia dos contidos e da precisión conceptual, asemade da súa coherencia e articulación discursiva. **Cualificación máxima 3 ptos.**
1. A cuestión teórica *Os límites do coñecemento en Kant* será cualificada cos criterios xa recollidos no apartado anterior (1.b). **Cualificación máxima 3 ptos.**
- 2.
- a) Ámbolos conceptos (*superestrutura* e *traballo alienado*) corresponden a Karl Marx. **Cualificación máxima 0,5 ptos.**
- b) A resposta correcta conterà o título completo de dúas obras de Karl Marx. **Cualificación máxima 0,5 ptos.**

Nos apartados 1 (a e b) e 2 valorarase tamén a corrección expresiva e gramatical.

OPCIÓN B

1.

- a) O comentario do fragmento do *Tratado da natureza humana* de Hume deberá amosar unha axeitada comprensión (conceptos fundamentais e estrutura argumentativa), establecendo tamén unha contextualización da súa temática (no pensamento de Hume e na filosofía moderna).

Cualificación máxima 3 ptos.

- b) A resposta á cuestión teórica *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade* será cualificada en función da pertinencia dos contidos e da precisión conceptual, asemade da súa coherencia e articulación discursiva. **Cualificación máxima 3 ptos.**

2. A cuestión teórica *Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas* será cualificada cos criterios xa recollidos no apartado anterior (1.b).

Cualificación máxima 3 ptos.

3.

- a) O concepto de *nihilismo* corresponde a Friedrich Nietzsche; o de *razón vital* a José Ortega y Gasset. **Cualificación máxima 0,5 ptos.**

- b) A resposta correcta conterá o título completo duha obra de Nietzsche e outra de Ortega y Gasset. **Cualificación máxima 0,5 ptos.**

Nos apartados 1 (a e b) e 2 valorarase tamén a corrección expresiva e gramatical.

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DA FILOSOFÍA
(Cód. 34)

OPCIÓN A

1.

- a) O comentario do fragmento do *Ensaio sobre o goberno civil* de Locke deberá amosar unha axeitada comprensión (conceptos fundamentais e estrutura argumentativa), establecendo tamén unha contextualización da súa temática (no pensamento de Locke e na historia da filosofía).

Cualificación máxima.- 3 pt.

- b) A resposta á cuestión teórica *O liberalismo político de Locke* será cualificada en función da pertinencia dos contidos e da precisión conceptual; asemade coa súa coherencia e articulación discursiva.

Cualificación máxima.- 3 pt.

2. A cuestión teórica *A orixe do cosmos na corrente presocrática* será cualificada cos criterios xa recollidos no apartado anterior (1.b).

Cualificación máxima.- 3 pt.

3.

- a) Ambos os conceptos (*materialismo histórico e relacións sociais de produción*) corresponden a Karl Marx. **Cualificación máxima.- 0,5 pt.**

- b) A resposta correcta conterá o título completo de dúas obras de Karl Marx. **Cualificación máxima.- 0,5 pt.**

Nos apartados 1 (a e b) e 2 valorarase tamén a corrección expresiva e gramatical.

OPCIÓN B

1.

a) O comentario do fragmento da *Física* de Aristóteles deberá amosar unha axeitada comprensión (conceptos fundamentais e estrutura argumentativa), establecendo tamén unha contextualización da súa temática (no pensamento de Aristóteles e na filosofía grega).

Cualificación máxima.- 3 pt.

b) A resposta á cuestión teórica *Física e metafísica en Aristóteles* será cualificada en función da pertinencia dos contidos e da precisión conceptual; asemade coa súa coherencia e articulación discursiva.

Cualificación máxima.- 3 pt.

2. A cuestión teórica *Nietzsche: crítica da cultura occidental* será cualificada cos criterios xa recollidos no apartado anterior (1.b). **Cualificación máxima.- 3 pt.**

3. a) Ambos os conceptos (*impresión e asociación de ideas*) corresponden a David Hume. **Cualificación máxima.- 0,5 pt.**

a) A resposta correcta conterá o título completo de dúas obras de Hume.

Cualificación máxima.- 0,5 pt.

Nos apartados 1 (a e b) e 2 valorarase tamén a corrección expresiva e gramatical.